FOLLAS NOVAS

REVISTA DE ESTUDOS ROSALIANOS

Nº7 - PADRÓN 2022

Fundación Rosalía de Castro

Máis cincuentenario

FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO

CASA DE ROSALÍA

Máis cincuentenario

Conmemoramos o ano pasado os 50 anos da rehabilitación da Casa de Rosalía e neste 2022 os 50 da súa apertura como Casa Museo. A conmemoración é en realidade a mesma: celebrar as nosas raíces como proxecto comunal e colaborativo, celebrar a extraordinaria vitoria que en pleno franquismo supuxo sumar tantas vontades arredor de Rosalía de Castro e da súa casa.

Neste sentido, a exposición "A Casa de Galicia", deseñada por Pepe Barro e financiada pola Xunta de Galicia, percorreu durante todo este ano, con notable éxito, boa parte de Galicia grazas ó apoio da Deputación da Coruña, da de Lugo e da de Pontevedra.

O Día de Rosalía do 2022 estivo marcado polo cambio de data para o 23 de febreiro, feito a partir das recentes descubertas e coa participación das principais entidades implicadas. Ese día e arredor del foron múltiples as actividades realizadas. Ademais da nosas propostas da Alborada e do Caldo de Gloria, entre outras cómpre destacar a exposición realizada no Real Jardín Botánico de Madrid da exposición sobre *O Herbario de Rosalía*, resultado dun proxecto da USC, depositado no Arquivo da Fundación e que finalmente foi publicado grazas a María López Sández, Mabel Fraga e Miguel Fraga.

Fóra das actividades habituais destacou este ano a Homenaxe Nacional que organizamos en honra de Darío Xohán Cabana o 4 de xuño en Padrón, coa participación de familiares, amigos e institucións e para a que se editou unha edición facsimilar de *Mortos porque Galicia viva*.

A finais de xuño volvemos coas xornadas "Rosalía en Camiño", que vén coordinando Chus Pato e que nesta edición se desenvolveron en Padrón, Santiago e Pontevedra. Participaron María García Díaz (Asturias), Tatiana Faia (Portugal), Jaume Coll Mariné (Cataluña), José F.A. Oliver (Alemaña) e os galegos Constantino Bértolo, Dores Tembrás, Xabier Cordal e Nieves Neira Roca. A publicación *Rosalía en Camiño 2022* recolleu unha antoloxía dos poetas e cadanseu poema orixinal en diálogo coa nosa autora.

Tamén foi moi especial o conxunto de actividades que organizamos arredor

do 15 de xullo, aniversario da morte de Rosalía. O propio día 15 inauguramos por fin as reformas do auditorio, con actuación de Amancio Prada e a entrega da Rosa de Galicia para as institucións que nos apoiaron nesas e no conxunto de obras que durante estes dez anos viñemos levando acabo: a Xunta de Galicia e a Deputación da Coruña. O día 16 as dornas e embarcacións tradicionais volveron remontar o mar da Arousa e a ría de Padrón para chegaren ó Espolón de Padrón e alí realizaren a homenaxe da "Inchadiña branca vela". Ao día seguinte a conmemoración tivo como colofón o festival "Abride a fiestra", que coma tódolos anos vimos desenvolvendo durante toda unha xornada, nos espazos máis diversos e con distintas actividades: poesía, música, teatro, visitas guiadas...

Xa contra o final do ano puxémoslle remate ó programa europeo Open Museums que lideramos e compartimos con socios de Italia, Países Baixos ou Grecia, ademais da consultora Eidosd e a Fundación Novoneyra. Nas dúas xornadas finais houbo participación internacional e a de numerosos representantes de museos e casas-museo de toda Galicia.

A entrega do título honorífico de Filla Adoptiva do Concello de Dodro a Rosalía de Castro por parte do Concello de Dodro e a entrega do premio Ramón Baltar Feijóo a Aurora Marco polo seu ensaio *Irmandiñas* puxéronlle ramo a este 2022.

Publicamos este sexto número de *Follas Novas*
grazas ao patrocinio do Concello de Arteixo

Arteixo

A Matanza
15917 Padrón
+34 981 811 204

www.rosalia.gal

FUNDACIÓN
ROSALÍA DE CASTRO